



**ASISTENTES:**

Aboal Soízoa, Teresita  
Afonso Luis, Carina da Conceicao  
Allegue Aguete, Pilar  
Álvarez Pereira, Carmen Susana  
Álvarez Rodríguez, Pablo  
Andrés Iglesias, Jesús  
Area Carracedo, Iván Carlos  
Arias Moreira, Xosé Carlos  
Arias Sánchez, Pedro  
Barcia Rodríguez, Ignacio  
Basalo Domínguez, David  
Baz López, Jorge  
Bergareche Gros, Almudena  
Bernal Gómez, Rosa  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Cabeza Pereiro, Jaime  
Cabeza Pereiro, Mª Del Carmen  
Cancela Carral, José María  
Canto Veiga, Héctor Daniel  
Carballo Castaño, Mónica  
Carballo-Calero Ramos, M. Victoria  
Caride Álvarez, Celso  
Cebrero Rodríguez, Juan Manuel  
Cid Fernández, Mª Magdalena  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cid Rodríguez, Xúlio Alberte  
Costas Currás, José Daniel  
De La Torre Fraga, Daniel  
De Miguel Palacios, Carlos  
De Oca Cancela, Guillermo  
Diéguez Castrillón, Mª Isabel  
Domínguez Martín, Jorge  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fariñas Valiña, Iago  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Martínez, Paula  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Fraiz Brea, José Antonio  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gallego Veigas, Pedro Pablo  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Estévez, José Manuel  
García Gil, Soledad  
García Mateo, Carmen  
García Puig, Pedro  
García Soidán, José Luis  
García Vázquez, José Manuel  
Godoy Malvar, Eduardo  
Gómez Fernández, Sadoth  
González Crespán, Mª Araceli  
González Pillado, Esther  
González Piñeiro, Luis  
Graña Rodríguez, Ana María  
Hernández Sánchez, Jesús  
Iglesias Briones, María Jesús  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Legido Soto, José Luis  
Lence Madarro, Fernando  
López Iglesias, Manuel  
López Lorenzo, Diego  
López Vidal, María Del Pilar  
Loureiro López, David  
Macías Cambra, Enrique Antonio  
Membilla Iglesia, Pedro  
Mollinedo Lois, Carlos  
Montero Muñoz, María

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 26 de febreiro de dous mil nove, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O martes, **día 26 de febreiro de 2009**, ás 10:25 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 16 de decembro de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Informe do Presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2008.
4. Aprobación, se procede, do procedemento de aprobación da modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo.
5. Comparecencia da xerente para informar e debater sobre a política de persoal levada a cabo neste ano de mandato.
6. Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno:  
Sector decanos/directores: 2.
7. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión electoral:  
Sector estudantes: 1.
8. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos Estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU:  
Sector estudantes: 1.
9. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisiós para a elaboración de regulamentos:  
Comisión nº.1: Regulamento de réxime económico e contratación. Regulamento de PAS.  
Sector estudantes: 3.  
Comisión nº.3: Regulamento de profesorado.  
Sector estudantes: 2.
10. Comisión nº 6: Regulamento de Tribunal de Garantías. Regulamento de réxime disciplinario.  
Sector outro persoal docente e investigador: 1.
10. Rogos e preguntas.

Morán Martínez, M<sup>a</sup> Paloma  
 Moure Rodríguez, María José  
 Navaza Dafonte, Francisco  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Otero Camiña, José Luciano  
 Palacio Sánchez, Xosé Antonio  
 Pardo Froján, Juan Enrique  
 Pastrana Castro, Lorenzo Miguel  
 Pazó Martínez, M<sup>a</sup> Consuelo  
 Penín Abad, Ana  
 Pérez Cota, Manuel  
 Pérez Fernández, Alba  
 Pérez Iglesias, M<sup>a</sup> Teresa  
 Pérez Rodríguez, Martín  
 Pinés León, Pablo  
 Pombal Diego, Manuel Ángel  
 Pose Blanco, José  
 Prado Prado, José Carlos  
 Prieto Tobío, Joaquín  
 Puga Alonso, Javier  
 Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier  
 Sáez Ocejo, José Luis  
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo  
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel  
 Serra Aymerich, Marc  
 Sieiro Vázquez, Carmen  
 Suárez Pazos, Mercedes  
 Sueiro Justel, Joaquín  
 Tojo Suárez, M<sup>a</sup> De La Concepción  
 Tourón Estévez, Sonia  
 Vallejo Pousada, Rafael  
 Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
 Vázquez Vicente, Xosé Henrique  
 Vila Pumares, Cristina  
 Villar Suárez, Horacio Antonio

#### **DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**

Badaoui Fernández, Aída  
 Barreiro Blas, Antonio  
 Cruces Colado, Susana  
 De Lorenzo Rodríguez, Edita  
 Fernández Manín, Generosa  
 Jato Rodríguez, María Victoria  
 Lorenzo Cimadevila, Enrique  
 Martín Lucas, Belén  
 Mojón Ojea, Artemio  
 Soto Carballo, Jorge  
 Varela Martínez, Iago  
 Vera Isasa, María  
 Yáñez López, José Carlos

**Punto 1:** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 16 de decembro de 2008.

Apróbase por asentimento.

#### **Punto 2: Informe do reitor.**

Informa o reitor que tal e como estaba previsto segue adiante o calendario de implantación dos novos títulos de grao de acordo co previsto. Para a Universidade de Vigo isto significa: en primeiro lugar a implantación no próximo curso académico (2009/10) dos 24 novos títulos de grao aprobados polo Consello Galego o pasado mes de decembro. Isto significa que segue adiante o proceso de verificación na ANECA e se está a espera de novas ao respecto. En segundo lugar que o resto dos novos graos, implantaranse no curso 2010/11.

Tamén informa o reitor de que xa foron aprobadas e publicadas no BOE as fichas de enxeñaría, de xeito que xa é posible iniciar os trámites que deben conducir á aprobación dos títulos nese ámbito.

Finalmente informa que está colgado xa na páxina web o borrador de Estatuto do Estudante.

Intervén o Sr. Vilhar para suscitar unha cuestión de orde en canto alega que quere intervir neste punto da orde do día, en aplicación do art. 16.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro, que sinala que “*os membros do Claustro terán dereito ao uso da palabra sobre todas aquellas cuestións que encaixen cos contidos de calquera dos puntos da orde do día*”. O reitor resposta que non procede unha cuestión de orde para intervir no punto de “Informe do reitor”, agás que a intervención solicitada se refira ao contido concreto das cuestións tratadas no citado informe.

Ante a insistencia por parte do Sr. Vilhar, a Mesa do Claustro delibera sobre a cuestión e acorda por unanimidade concederlle a palabra coa condición de que a súa intervención teña que ver con algún dos temas tratados polo reitor no punto de informe, en aplicación do art. 16.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro. En caso contrario, se lle retirará o uso da palabra.

O Sr. Vilhar solicita que conste na acta a ameaza deste xeito sufrida. A secretaria xeral sinala que hai un acordo da Mesa de Claustro de permitirlle o uso da palabra neste momento sempre que a súa intervención se refira ao contido concreto do informe do reitor: calendario de implantación de graos, fichas de enxeñaría ou Estatuto do Estudante, de acordo coa previsión do art. 16.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro. Recorda ademais a secretaria xeral que ese mesmo artigo establece que ningún membro do Claustro poderá facer uso da palabra se non solicita

e obtén permiso da Mesa do Claustro. Durante toda esta intervención, o Sr. Vilhar interrompe reiteradamente á secretaria xeral.

O Sr. Vilhar inicia a súa intervención cunha valoración negativa da política de persoal da xerencia da Universidade de Vigo durante o seu primeiro ano de desempeño. En aplicación do acordo da Mesa do Claustro, o reitor retíralle o uso da palabra. O Sr. Vilhar négase a aceptar a decisión da Mesa. O reitor chama varias veces a orde ao Sr. Vilhar, pero este fai caso omiso das chamadas e persiste en intervir sen que a Mesa lle dea a súa autorización. Ante esta situación e sendo imposible continuar coa sesión do Claustro, o reitor, por acordo unánime da Mesa do Claustro, ás 10:45 h, suspende temporalmente a celebración da sesión por un tempo de 15 minutos.

Reanúdase a sesión ás 11:07 h, no punto 3 da orde do día.

**Punto 3:** Informe do Presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2008.

O reitor da a palabra ao Presidente do Tribunal de Garantías pero antes de que este poda iniciar a súa intervención, o Sr. Vilhar novamente presenta unha cuestión de orde para que se lle permita falar de acordo art. 16.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro.

O reitor trata de convencer ao Sr. Vilhar de que, como calquera outro claustral, ten a oportunidade de intervir con total liberdade no Claustro no punto de “Rogos e Preguntas”. Expíclalle, ademais, que ten a opción de utilizar a vía regulamentaria para solicitar a inclusión dun punto na orde do día referido aos asuntos que considere pertinentes. De feito, na sesión nese momento en desenvolvemento, incorporouse un punto 5 na orde do día, a petición dos representantes do PAS, cumprindo a condición do número mínimo de claustrais asinantes que establece o propio Regulamento. O reitor asegúralle ao Sr. Vilhar que poderá falar con total liberdade no Claustro se segue calquera dasas vías e pídelle ao Sr. Vilhar que respecte aos membros do Claustro e deixe que continúe a sesión.

O Sr. Vilhar, impide ao Presidente do Tribunal de Garantías que tome a palabra e reitera a súa petición para falar de acordo co art. 16.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro.

O reitor pide novamente respecto para todos os claustrais e chama a orde ao Sr. Vilhar. Ante a actitude do mesmo, e en cumprimento do acordo da Mesa do Claustro, se suspende a sesión do mesmo as 11:15 horas do día 26 de febreiro de 2009.

O reitor



Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral



Esther M<sup>a</sup> González Pillado